

PEZA DO MES

maio

2005



FIGURA ZOOMORFA



VISTA LATERAL

FIGURA ZOOMORFA

SÉCULO I A. C.


CASTROMAO, CELANOVA, OURENSE

Esta curiosa figura zoomorfa, única polo de agora dentro da plástica castrexa, apareceu formando parte do alicerce dunha construción singular, explorada por Ferro e Lorenzo e inmediata a aquela outra onde se localizou a *tabula* de bronce que recolle o *hospitium* entre os *Coelerni* e Gneo Aquilo Novaugustano. O arqueólogo Luis Orero, describe a súa descuberta: “Na esquina NE do vestibulo da estrutura 2, cando se estaba a face-la limpeza do lenzo exterior da parede e se procedía a rebaixar a terra para facilita-lo paso entre esa estrutura e outra circular separada soamente por 50 cm, atopouse na fiada máis baixa da cimentación, unha pedra curva e claramente traballada”, cando se efectuaban labores de consolidación na campaña do ano 1993, da que da conta no artigo “Novos achados no Castromao (Celanova. Ourense). Unha estraña escultura zoomorfa”, publicado no *Boletín Auriense*, XXIV, 1994, ingresando logo no Museo Provincial de Ourense, onde forma parte do espolio desa campaña, rexistrado no inventario xeral de depósitos como DX 63.

Trátase dun bloco granítico en bo estado de conservación agás o feito de faltarlle a parte superior, onde iría a representación da cabeza e ter un pequeno golpe na parte baixa. As súas dimensións máximas son 43 x 22 x 21 cm. Na zona inferior presenta un apéndice prismático, con lixeira tendencia piramidal, de 5,5 x 12 x 6 cm, que compre interpretar como o elemento de inserción nunha base ou noutra peza, acomodada a forma curvilínea da parte baixa da figura, marcada suave e lixeiramente, para garantir a súa estabilidade. Esta característica, e o feito de encontrarse traballada con delicadeza en toda a súa superficie, fainos pensar en que orixinaríamente se encontraba exenta, coa posibilidade de ser vista dende calquera lado.

Representa unha figura sentada e encollida sobre si mesma, coas mans e pés ben traballados e afrontados, suxeitando algo entre eles. A figura ofrece rota a parte superior por riba dos ombreiros e marcándose un forte pescozo. Na súa visión frontal mostra un claro eixo de simetría bilateral vertical, e define unha figura sentada e coas pernas encollidas. De arriba abaixo podemos ver coma agarra con dúas mans, cadansúa de catro dedos, un obxecto indefinido, que semella cilíndrico, que achega á súa cara (desaparecida), cos brazos pegados ao corpo e os antebrazos dobrados. Vese un peito curto e o ventre no que destaca un volume triangular resaltado –delimitado por unha banda refundida e, curiosamente, traballada doutra maneira, que levou ao seu descubridor a propor que serviría para incrustar unha placa metálica–, que deixan paso ás pernas, flexionadas, para sentarse ou asirse sobre algo cos pes, que mostran catro largos dedos. O obxecto é semellante ao que sostén coas mans. As costas mostran unha liña curva continua dende o pescozo e non se aprecia ningún detalle nela, agás o feito do acabado superficial, que é coidado como en toda a peza.

A impresión que nos causa é a de estar contemplando un mono, tanto pola súa posición como pola forma de colocar as mans e os pes. Agora ben, de o seren, encontrariámonos ante un exemplo excepcional na plástica do NW peninsular, cos problemas de interpretación e representación que isto supón, tanto pola figura en si mesma –de identificala cun mono debemos recoñecer que ata o presente non coñecemos nada semellante nos ámbitos culturais próximos que se lle pareza–, como pola técnica e o tratamento das super-



ÁREA DE LOCALIZACIÓN NO CASTRO E UBICACIÓN

ficies e tamén polo que de suxerente ten a súa forma de colocación e visualización, deducible das súas propias formas, que nos fai pensar na existencia doutra peza coa que se imbricada, de natureza e características descoñecidas e a súa posición exenta. A figura se confronta á serie de animais representados na plástica castrexa ou galaicorromana, da que F. Calo ten feito un inventario detallado, pero que non ofrece ningún paralelo formal, aínda que a forma de traballar a pedra, moi coidada, faina semellante a outras mostras e representacións da escultura exenta da súa época. Tampouco temos localizado paralelos nos repertorios de plástica romana consultados

O lugar onde se localizou ofrece tamén o seu interese, pois, como vai dito, a súa aparición tivo lugar no alicerce da casa da que X. Lorenzo estudou a transformación e que, por outros achados, configura unha zona de particular importancia dentro do poboado. Efectivamente, neste sector da vertente norte da plataforma baixa do castro, coinciden un grupo de estruturas constructivas, asociadas con un pavimento exterior laxeado que as pon en relación, e onde apareceron pezas decoradas, algúns vans nas paredes, restos de fiestras caladas, a *tabula hospitalis*, un acubillo monetario, etc., que nos fan sospeitar que deberon ter un certo carácter público, como ten sulinado recentemente Breogán Muñíz ao estudar a *tabula hospitalis*.



DETALLE DA PARTE BAIXA DA FIGURA

Certo é que esa situación se produce nun momento cronolóxico posterior, pois cando ficou como alicerce, usada como simple elemento de construción a figura que é a nosa peza do mes xa perdera a súa funcionalidade, pero é curioso que as pezas máis importantes do castro se concentren no mesmo barrio, quizais xa de certa importancia dende moito antes da construción dos muros que hoxe podemos ver, que corresponden ao momento final da vida de *Coelibriga*, pero que se ergueron sobre outras anteriores, neste punto do xacemento, onde a plataforma máis baixa sofre un estreitamento considerable, servíndolle a muralla de inmellorable parapeto contra as inclemencias do tempo, ao estaren máis protexida dos ventos fríos e da chuva, que veñen do sur ou do sudoeste.

Outra faciana importante é a da súa datación. A súa descuberta formando parte do alicerce dunha construción que parece ter a súa orixe no século I a. C., obriga a plantear unha data inmediata algo anterior, xa que a súa amortización como material de construción só resulta explicable cando perdeu a súa función e significado ou coma consecuencia dunha desfeita significativa do poboado, situación que neste punto non se acredita, abrindo co seu descubrimento novas interrogantes sobre a plástica castrexa, na que a día de hoxe se ofrece coma un *unicum*, e tamén sobre a importancia e interese do núcleo de *Coelibriga* e as súas relacións.



O XARDÍN E O EDIFICIO ANTES DA REFORMA DE 1960



PATIO DIANTEIRO TRALA REFORMA DE 1960



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódalas testemuñas do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ao público o ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar aos primeiros traslados, que por sucesivas desgrazas non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ao que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Exposición ao público temporalmente pechada, por obras de reforma e acondicionamento.

Ubicación provisional dos servizos en rúa Xilgaros s/n.
32002- Ourense

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/mapo>

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: Francisco Fariña Busto

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG-97-2004

Museo Arqueolóxico 



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO